

Os informes da **Comisión de Reformas Sociais (1884-86)**, permítenos coñecer de primeira man as pésimas condicións de vida e traballo obreiros en España, como consecuencia da hacinamento e do deterioro das condicións hixiénicas. O rápido crecemento dalgunhas cidades agudiza esa degradación.

Así, os **gastos dunha familia obreira** a metade de século eran:

⇒ Máis da ½ dos ingresos → alimentación, dentro da cal:

- O pan absorbía a ½ , é decir, o pan representa a ¼ parte do total do salario.
- A outra ½ do dinero gastado en alimentos destinábase a :

- ☞ almorzo → unha sardiña salgada (os nenos só tomaban pan e un vaso de auga)
- ☞ comida → fabas
- ☞ cea → patacas
- ☞ aceite → para condimentar estes alimentos e dar luz no candil.

- A carne estaba practicamente ausente da alimentación popular.

⇒ O seu vestido era de algodón ou pano de lá, camisa de algodón, alpargatas e unha gorra de pano."

Era normal o hacinamento das familias obreiras en **habitacións** miserables, tristes e insalubres, "onde o pobre vive, crece, se deteriora e morre case sen aire que respirar, sen luz, xeados de frío unhas veces, abrasados de calor outras, confundidos cos animais domésticos, aspirando os gases dos retretes ou das inmundicias, misturados os sexos e as idades, sobre un chan húmido, coas paredes ennegrecidas e suxas, sen outros mobles que algún trasto vello e inútil, sen máis abrigo ca uns cantos farrapos"(...) "Están pouco ventiladas, desaseadas e en moitas delas apenas penetran os raios do sol; os retretes atópanse contiguas ás habitacións, e por unha completa negligencia, rarísimas veces as teñen pechadas, expandíndose por todas partes os gases desprendidos, que forman focos de infección moitas veces perigosos."

O **interés das clases dirixentes** pola alimentación e a mortalidade obreira aparece na medida en que poden verse afectados polos focos infecciosos que se xestaban nos barrios obreiros, co conseguinte perigo de enfermidades e epidemias.

O que é un perigo para a burguesía é a culminación da miseria do proletariado. Ésta é consecuencia de xornadas de dez, doce ou máis horas de traballo, insuficiencia, adulteración e baixa calidade dos seus produtos alimenticios, deficientes condicións na súa vivenda, entre outros males.

O cólera, o tifus, a viruela e outras devastadoras enfermidades expáñense nos barrios obreiros d S XIX, escribe Engels: "desenvólvense cando as circunstancias son favorables e provocan epidemias, que se propagan entón máis alá dos seus focos ata alcanzar os barrios máis aireados e sans, os habitados polos señores capitalistas. Estes non poden permitirse impunemente favorecer o desenvolvemento entre a clase obreira dunhas epidemias das que eles mesmos sufrirían as consecuencias; o ánxo exterminador golpéalles a eles coa mesma dureza que aos traballadores."

(Elaborado a partir de

“La Cuestión Urbana En Los Informes De La Comisión de Reformas Sociales (Antonio Buj Buj);
GeoCrítica-Univ. de Barcelona

<http://www.ub.es/geocrit/sv-32.htm>)